



## **CIRCULAR LU06/2015**

- Aos atletas, adestradores e clubs

# **CONTROL ARDE LUCUS**

## **20 de xuño do 2.015**

A Delegación en Lugo da Federación Galega de Atletismo organiza a **Control Arde Lucus**, o sábado 20 de xuño, en xornada de mañá, en Lugo no *Estadio Gregorio Pérez Rivera*, patrocinada pola **Exmo. Concello de Lugo**. A proba disputarase baixo o control técnico do Comité Galego de Xuices.

### **REGULAMENTO**

**Art. 1.** Poderán participar todos os atletas federados que se atopen en calquera das seguintes condicións:

- Atletas que teñan fichado ó longo da tempada actual (2014/15) por algún Club pertencentes a Galicia.
- Atletas con ficha pola Federación Galega de Atletismo aínda que pertezcan a clubs de outras Comunidades Autónomas.
- Atletas non galegos ou estranxeiros convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das dúas anteriores condicións
- Atletas de categoría **cadete ata veterans**.

**Art. 2.** As inscricións faránse a través do sistema online da web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) ata as 23:00 horas do mércores anterior a celebración das probas. **As inscricións realizadas fora de prazo, cobrarase 5 € coa entrega do dorsal.**

**Art. 3.** Nas probas de velocidade indícarase a mellor marca. As series realizaranse agrupando os atletas por marcas, aqueles atletas que non indiquen mellor marca serán incluídos aleatoriamente no resto das series.

**Art. 4.** Cada atleta retirará o seu dorsal na secretaría da competición ata **60 minutos antes da saída de cada proba**. Pasado este período non se admitirá a participación do atleta.

**Art. 5.** Os atletas deberán empregar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible, en toda a superficie. O incumprimento desta norma será motivo de descalificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo 4 imperdibles para a colocación do dorsal, a organización non facilitará imperdibles.



## Delegación en Lugo da F.G.A.

Avda. Filarmónica Lucense, 3. Edif. Estadio Gregorio Pérez Rivera.  
Telf.: 982251999 / 636426792 – Email: [fgatletismolugo@gmail.com](mailto:fgatletismolugo@gmail.com)  
Páxina Web: <http://www.fgatletismo.es/lugo/> – 27002 – LUGO



**Art. 6.** O horario é o seguinte:

| HOMES   | HORA  | MULLERES                                      |
|---|-------|---|
| Disco (cad a sen)<br>Marca mínima 30 m        | 11:00 | Disco (cad a sen)<br>Marca mínima 25 m        |
|   |       | Longitud (cad a sen)<br>12 mellores inscritos |
| 3.000 m.l.                                    | 12:00 |   |
| Altura (cad a sen)                            |       | Altura (cad a sen)                            |
| Martelo (cad a sen)<br>Marca mínima 30m       | 12:15 | Martelo (cad a sen)<br>Marca mínima 30 m      |
| 3.000 obstáculos                              | 12:20 |   |
| 100 m.l.                                      | 12:30 |   |
| Longitud (cad a sen)<br>12 mellores inscritos |       |   |
|   | 13:00 | 100 m.l.                                      |
| Xabalina (cad a sen)<br>Marca mínima 40 m     | 13:30 | Xabalina (cad a sen)<br>Marca mínima 28 m     |
| 110 m.v. (0,91m)                              | 13:40 |   |
|   | 13:50 | 100 m.v. (0,76 m)                             |

**Art. 7.** Nas probas de lonxitude só admitirase a participación das 12 mellores marcas dos atletas inscritos. Publicarase o listado de inscritos o venres 19 a mañá na web da delegación.

**Art. 8.** Nas probas de lanzamentos non se aceptarán atletas que non teñan as marcas mínimas indicadas.

**Art. 9.** Cadencia salto de altura: 1,30 m – 1,35 – 1,40 – 3 en 3 cm

**Art. 10.** Todo o non disposto no presente Regulamento resolverase de acordo coas normas da I.A.A.F

En Lugo, 12 de xuño do 2.015

Asdo. Pablo Gandoy López

Delegado Técnico da Delegación da FGA Lugo